

REXISTRO XERAL DA VALEDORA DO POBO

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 24/02/2023 9:04:02

SAIDA 3286/23



Dna. Concepción García Vázquez (AMAG)
somos@mulleres.gal

Expediente: S.7.Q/13/23

Santiago de Compostela, 23 de Febreiro de 2023

Estimada Sra.:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do seu escrito referente á cancelación da reserva dun local por mor do contido ideolóxico do acto por parte da Concellería de Igualdade do Concello de Santiago de Compostela.

Ante iso solicitamos, como vostede sabe, información ao Concello de Santiago de Compostela que xa nola remitiu e da que lle demos traslado o 17/02/2023.

Como conclusión do sinalado no informe e no seu escrito de queixa, esta institución, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, pola que se rexe, formulou a ese órgano a recomendación da que se lle achega copia.

Dado que no prazo dun mes o órgano citado ten que remitirnos a preceptiva resposta á resolución, en cumprimento do disposto no artigo 32.2 da Lei da Valedora do Pobo, tan pronto como recibamos a correspondente comunicación poñerémonos de novo en contacto con vostede, dándolle conta das nosas actuacións e, a ser posible, da solución do seu problema.

Agradézolle a confianza que nos demostra e reciba un atento saúdo.

M^a Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo

REXISTRO XERAL DA VALEDORA DO POBO

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 24/02/2023 9:03:21

SAIDA 3285/23



Sr. alcalde-presidente
Concello de Santiago de Compostela
Praza do Obradoiro, s/n
15705 Santiago de Compostela
A CORUÑA

Expediente: S.7.Q/13/23

Santiago de Compostela, 23 de Febreiro de 2023

Sr. alcalde:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de Dna. Concepción García Vázquez, presidenta da asociación de Mulleres Abolicionistas de Galicia, referente á cancelación da reserva dun local por mor do contido ideolóxico do acto, por parte da Concellería de Igualdade do Concello de Santiago de Compostela.

ANTECEDENTES

No seu escrito, esencialmente, expón o seguinte:

"A Asociación de Mulleres Abolicionistas de Galicia -AMAG- dirixese a vostede por medio da súa Presidenta, Concha García, para solicitar a súa intervención como valedora dos dereitos e liberdades recoñecidos na Sección Primeira, do Capítulo Segundo, do Título I, da Constitución Española.

Queremos poñer no seu coñecemento o que consideramos un moi perigoso precedente de vulneración no desfrute deses dereitos por parte dunha Administración pública, para o que ofrecemos unha sucinta relación de feitos que preceden ao acto administrativo ao que nos referimos.

O pasado día 29 de setembro de 2022 a nosa asociación solicitou, a través da sede electrónica do Concello de Santiago, o uso da Casa das Mulleres Xohana Torres, para a celebración da presentación dun libro de temática feminista da autora Alicia Miyares e de título "Delirio y Misoginia Trans: Del Sujeto Transgénero al Transhumanismo".

Este libro aborda dende unha visión crítica a histórica reivindicación feminista da abolición do xénero como fonte de opresión sobre as mulleres, sendo este o conxunto de "papeis, comportamentos, actividades e atribucións socialmente construídos que unha sociedade concreta considera propios de mulleres ou de homes" segundo recolle no seu artigo 32 o Convenio do Consello de Europa sobre prevención e loita contra a violencia contra a muller e

a violencia doméstica -Convenio de Estambul-, ratificado polo noso país o día 11 de maio de 2011.

Así mesmo, no mesmo artigo 32 do nomeado Convenio de Estambul, tamén se refire á violencia sobre a muller como "unha violación dos dereitos humanos e unha forma de discriminación contra as mulleres, designándose todos os actos de violencia baseados no xénero que implican ou poidan implicar para as mulleres danos ou sufrimentos de natureza física, sexual psicolóxica ou económica, incluídas as ameazas de realizar ditas actos, a coacción ou a privación arbitraria de liberdade, na vida pública ou privada".

A razón pola que solicitamos o uso dese local para a presentación do libro é que é o único "espazo de referencia para as mulleres de Santiago e que ten como obxectivo a posta en marcha de accións dirixidas ao empoderamento das mulleres" tal e como se recolle no seu discurso inaugural.

Como indicabamos, solicitamos o uso da Casa das Mulleres Xohana Torres para acoller a presentación do nomeado libro, recibindo o día 24 de outubro unha resposta afirmativa por correo electrónico, segundo o procedemento habitual, na que nos confirmaban o uso dese espazo reservado por nós para o día 12 de novembro.

Así, coa confirmación da reserva, deseñamos cartaz do acto, mercamos billetes de avión para o desprazamento da autora e iniciamos a convocatoria por diferentes medios.

Pero o día 2 de novembro recibimos, primeiro, unha chamada telefónica e, logo, un correo electrónico no que nos informaban de que o noso acto previsto para unha semana despois fora cancelado polos administradores do espazo, por considerar que "co contido e o discurso que se promovería con esta actividade incumpriríase os seus principios ao inferir un agravio cara o colectivo LGBTIQ+, en especial cara as persoas non binarias e trans".

Este acto de cancelación deixounos nunha situación de indefensión, xa que está baseado en suposicións dos xestores e, concretamente da responsable das áreas de Cultura e Igualdade do Concello, que presupoñen un discurso que non chegou a ter lugar e do que non teñen máis referencias que o título dun libro sobre o que non pesa ningunha orde xudicial de secuestro de publicación, única instancia capacitada para valorar se o contido do mesmo podería resultar lesivo para os dereitos e liberdades dos cidadáns.

Por outra banda, esta arbitraria xestión do espazo público sostido cos fondos municipais alónxase das boas prácticas administrativas, vetando o acceso ao mesmo a aquelas persoas que discrepen ideoloxicamente cos xestores dos mesmos.

Dado que esta resposta chegou directamente do equipo que xestiona este espazo, puxemos en coñecemento da Concelleira da área e do Alcalde esta situación, a través do burofax que xuntamos coa documentación, co obxecto de asegurarnos de que ambos estiveran informados e, no caso de no avalar esta actuación, puideran subsanar o prexuízo causado.

Entendemos a súa falta de resposta como unha reafirmación nos actos emanados do departamento de Cultura e Igualdade.

Estamos seguras de que a responsable da área, a Concelleira Mercedes Rosón cre estar defendendo o discurso correcto e os intereses que considera máis lícitos, pero iso non deixa de ser unha apreciación persoal. Se un xestor do público pode vetar o acceso a unha dependencia municipal por unha discrepancia ideolóxica, por moi convencido que estea de ter a razón, ¿cál é o límite desa potestade?, ¿Poderá vetar o acceso aos espazos públicos aos militantes doutras formacións políticas?, ¿Poderá vetar o acceso aos espazos públicos aos crentes doutras confesións relixiosas?, ¿Poderá vetar o acceso aos espazos públicos aos que cuestionen a súa xestión?

Unha medida deste tipo ten que estar respaldada por unha norma e, nin o día ao que nos referimos, nin hoxe, existe esa norma, porque de haber unha norma do ámbito administrativo que contradiga o contido do artigo 20 da Constitución Española, sería nulo de pleno dereito.

O nomeado artigo 20 ampara o dereito fundamental a "expresar e difundir libremente os pensamentos, ideas e opinións mediante a palabra, o escrito ou calquera outro medio de reprodución", así mesmo, tamén indica que "o exercicio destes dereitos non pode restrinxirse mediante ningún tipo de censura previa" e que "só poderá acordarse o secuestro de publicacións, gravacións e outros medios de información en virtude de resolución xudicial".

A nosa preocupación non se limita a un acto, xa irrecuperable, ou ás perdas concretas que a nosa asociación puido sufrir, senón á validación da arbitrariedade, á normalización da subxectividade na xestión do público, á perda de calidade da nosa democracia en mans de xestores fanáticos que xustifican o despotismo baixo o mantra da ofensa.

Este lugar foi concibido como un espazo para as mulleres. Un espazo que, ao igual que outros, pretende sernos substraído en favor dos intereses de colectivos con reivindicacións, nalgúns casos, antagónicas aos da axenda feminista e que, non obstante, gozan do libre exercicio do dereito de expresión.

Significa isto que ¿o exercicio deste dereito está exceptuado só nalgúns casos, dependendo de quen sexa o posible ofendido?, ¿Existe unha lista de prelación na defensa dese dereito?

Solicitamos pois, Sra. Fernández Galiño, a súa intervención para descualificar calquera acto administrativo que poida incurrir na febleza dos seus promotores. O procedemento administrativo debe estar a salvo das crenzas dos xestores políticos de turno, xa que é a obxectividade e a observancia das normas o único que nos fai iguais ante a lei".

A queixa foi admitida a trámite e requirimos informe desa administración sobre as cuestións promovidas pola interesada. Acusamos recibo do seu informe, que foi rexistrado nesta institución con data de 07 de Febreiro de 2023.

En dito informe indícase, esencialmente, o seguinte:

Tras explicar o proceso para a reserva do espazo na Casa Xohana Torres e o seu contido, o concello presenta o organigrama da organización e xestión da mesma e indica que *“no mes de abril de 2021 púxose en marcha o servizo de coordinación e funcionamento da Casa Xohana Torres, que pretende ademáis dar contido a dito espazo, contrastar coas entidades e asociacións que realizan actividades e empregan a casa de xeito regular a experiencia de funcionamento e xestión da CXT ao longo destes anos, ou sexa, valorar os servizos postos en práctica e recoller propostas de mellora referidas ao funcionamento da casa.”*

Tamén recolle que están a avanzar na concreción dun modelo de participación para a toma de decisións na Casa e nun novo modelo de xestión e de toma de decisións máis participativa e que responda ás necesidades e desexos das entidades usuarias dos espazos.

Insiste en que na actualidade estase a traballar nun debate e consenso sobre o modelo de uso e xestión da CXT para incorporar un futuro Regulamento de uso que ata agora nunca existiu.

O iter dos feitos foi o seguinte, seguindo o informe:

-Con data 30/09/2022 a representante da Asociación de Mulleres Abolicionistas Galegas solicita a reserva de uso da Casa Xohana Torres para o día 12/11/2022 para a presentación do libro de Alicia Miyares *“Delirio y misoginia trans. Del sujeto transgénero al transhumanismo”*, co Nº 2022051651 do Rexistro Municipal.

O Concello pon de relevancia que era a primeira vez que esta Asociación facía uso do espazo da Casa.

-Que durante a semana final do mes de outubro do ano 2022, recibíronse na Casa Xohana Torres múltiples correos, mensaxes, chamadas e queixas en relación coa autora do libro que ía ser presentado na data reservada por parte de entidades e asociacións usuarias do espazo

-Que reunida a equipa da CXT coa Concelleira delegada de Igualdade, dona Mercedes Rosón tomouse a decisión de que era máis convinte contactar coa Asociación de Mulleres Abolicionistas Galegas, o que se fixo con data 02-11-2022 telefonicamente coa Presidenta da referida asociación, comunicándolle que a reserva do espazo na Casa Xohana Torres tiña que ser anulada, pero facilitándolle a procura dun espazo máis axeitado para a realización da presentación e desculpándonos polas molestias ocasionadas .

-Que a Presidenta da Asociación Mulleres abolicionistas esixiu que a contestación se fixera por escrito, o que se fixo.

-Continúan tendo lugar a través de mails conversacións para acadar outro lugar para a presentación do libro, sen resultado ningún.

Conclúe o informe *“que en ningún momento exercitouse acción de censura previa, xa que en todo momento a equipa da Casa Xohana Torres procurou outros espazos municipais para o desenvolvemento da actividade na data e na hora xa concertada, e todos foron rexeitados pola firmante da queixa”*. E aporta mails de desacordo polos usuarios da casa coa actividade.

ANÁLISE

Á vista do contido do escrito de queixa, da documentación achegada pola persoa que promoveu este expediente e do que se manifesta no informe da administración, cómpre facer as seguintes consideracións:

PRIMEIRA: No escrito presentado pola presidenta da Asociación de Mulleres Abolicionistas de Galicia, denunciase unha vulneración dos dereitos recoñecidos na sección 1ª do capítulo segundo do Título I da Constitución, en concreto o seu artigo 20, plasmado no feito de que, tras solicitar o uso da *Casa das Mulleres Xohana Torres* para a presentación dun libro, e confirmarse a reserva de dito espazo, o acto é cancelado polos administradores do espazo, por considerar que *"co contido e o discurso que se promovería con esta actividade incumpriríase os seus principios ao inferir un agravio cara o colectivo LGBTIQA+, en especial cara as persoas non binarias e trans"*.

SEGUNDA: A Casa Xohana Torres, é, como se pon de manifesto na súa páxina web, un lugar físico e simbólico no que tecer redes entre mulleres, colectivos e entidades que loitan en prol da igualdade. É un espazo de encontro, debate, intercambio de coñecementos e confluencia de accións para exercer o poder de transformar a nosa realidade en tódolos ámbitos da vida.

De acordo co manifestado no informe do concello, a organización e xestión da mesma comprende un modelo de xestión con catro órganos:

- Asemblea Xeral
- Coordinadora Municipal
- Órgano de Coxestión
- Comisión de Traballo.

Por tanto, estamos a falar dun modelo de coxestión

Dentro do organigrama, no que tamén se determina a composición dos órganos, os dotados de capacidade de decisión son dous, a Asemblea Xeral e o Órgano de Coxestión. Non constan Actas das reunións da Asemblea Xeral nin do Órgano de Coxestión.

Compre sinalar, ademais, que ningún dos órganos ten asignada entre as súas funcións a decisión sobre os concretos usos da Casa e a súa revogación no seu caso.

Dentro do organigrama non se fai referencia algunha á “equipa”, que non se corresponde con ningún dos órganos relacionados no organigrama.

Polo tanto non se ten constancia:

- Da súa composición.
- Do procedemento para acadar a súa constitución.
- Nin tampouco do procedemento para acadar as súas decisións.

Refire o informe do concello que nestes momentos estase a traballar nun novo modelo de xestión e de toma de decisións máis participativa na casa, e incorporar un futuro Regulamento de Uso.

TERCEIRA: Na solicitude de informe enviada a esa administración, pediamos se nos informara do procedemento incoado para a adopción da decisión de concesión de uso da casa Xohana Torres e a súa notificación, así como o procedemento para a revogación de dita concesión de uso, a motivación da mesma e a súa notificación con mención dos recursos que se poden presentar contra dito acto.

Tamén solicitamos información acerca do contido da páxina web da casa Xohana Torres, en relación co réxime de coexistión e a publicación dos estatutos, regulamento ou normativa reguladora do funcionamento da mesma.

Do contido do informe non se extrae información concreta destes extremos

En canto a toma de decisións, as mesmas deberían ter lugar na práctica do modelo de coexistión, e, neste caso a través das decisións “da equipa” referenciada no informe da administración, e do que, como se ten adiantado, non consta o procedemento para acadar esas decisións.

O modelo de coexistión non aparece definido na información aportada polo concello nin na información publicada na páxina web.

Asemade, na páxina web nin sequera se atopa publicado o organigrama.

Compre sinalar que debería terse clarificado e plasmado claramente o modelo de xestión (órganos de decisión, funcionamento, horario e procedemento e condicións para o uso dos espazos), os usos (actividades servizos e recursos) e os equipamentos.

Nun modelo de coexistión deben quedar ben definidas as funcións do concello e as funcións do órgano de decisión da Casa.

O procedemento é garantía para os cidadáns e defensa, que protexe en caso de decisións que por apartarse totalmente do procedemento poidan causar indefensión.

CUARTA: Xustificación polo concello da revogación da autorización.

De acordo co expresado no informe do concello *“como equipo técnico da Casa informámosvos que nos vemos na obriga de cancelar a actividade prevista para o día 12 de novembro de 2022 neste espazo dirixida á presentación do libro “Delirio y misoginia trans” de Alicia Miyares.*

A Casa Xohana Torres busca ser un espazo seguro, e todas as actividades que se organicen deben cumprir cunha serie de principios e liñas de actuación (que así veñen recollidos na propia páxina web da Casa Xohana Torres):

Neste sentido, dende o equipo técnico que coordinamos o funcionamento da Casa valoramos que o contido e o discurso que se promovería con esta actividade incumpriríase cos seus principios ao inferir un agravio cara o colectivo LGBTIQ+, en especial cara as persoas non binarias e trans. Ademais, a celebración desta actividade podería xerar malestar e desconformidade entre persoas, colectivos e entidades que son usuarias da Casa Xohana Torres, o que dende o equipo técnico valoramos contraproducente para facer deste lugar un espazo seguro para todas as persoas.

En calquera si caso, e sen problema, podemos falar co Concello para facilitarvos a procura dun espazo máis axeitado para a realización da presentación”

Polo tanto, segundo o disposto no informe do concello revógase a autorización por inferir un agravio cara o colectivo LGBTIQ+, pero ó mesmo tempo ofrécense facilitar un espazo mais adecuado para poder levar adiante a presentación.

QUINTA: Conforme dispoñe o artigo 9-2º da Constitución, “corresponde a los poderes públicos facilitar la participación de todos los ciudadanos en la vida política, económica, cultural y social”. E no 103 se dispón “La Administración Pública sirve con objetividad los intereses generales y actúa de acuerdo con los principios de eficacia, jerarquía, descentralización, desconcentración y coordinación, con sometimiento pleno a la ley y al Derecho”

O concepto de goberno aberto, transparencia e participación cidadá toman como base o estado democrático, cara a un camiño de transparencia.

A Ley19/2013 , de 9 de diciembre, de transparencia, acceso a la información pública y buen gobierno reconece no seu artigo 13 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desa lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 17 da Lei 19/2013, do 9 de decembro.

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poder públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poder públicos.

CONCLUSIÓN

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, da Valedora do Pobo, facer chegar a ese órgano a seguinte recomendación:

Que se estableza un regulamento de uso na Casa Xohana Torres no que se observen os principios de publicidade, participación, transparencia e procedemento na toma de decisións e así mesmo que queden documentadas as reunións.

Que neste caso concreto se participe ás interesadas a revogación da concesión de uso da Casa Xohana Torres por medio formal, especificando o órgano de decisión, no seu caso as persoas que o integran, e tamén no seu caso as posibilidades de recurso ou contradición á decisión que se adopte.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da recomendación formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémoslle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

Reciba un atento saúdo.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo